



BENESTAR EN BALNEARIOS

Aberto o prazo para solicitar praza no programa “Benestar en Balnearios 2015” da Xunta

BALNEARIOS NA MODALIDADE DE “todo incluído” E PREZOS POR PRAZA

Balneario de Acuña - <i>Caldas de Reis</i> – (Pontevedra).- 377,50 €/praza
Caldaria Termal, S.L.U. <i>Arnoia</i> – Arnoia - (Ourense).- 377,50 €/praza
Balneario de Augas Santas, S.L.U. – <i>Ferreira de Pantón</i> – (Lugo).- 398,61 €/praza
Balneario de Baños da Brea, S.L. – <i>Vila de Cruces</i> – (Pontevedra).- 377,50 €/praza
Balneario de Baños de Molgas, S.L. – <i>Baños de Molgas</i> – (Ourense).- 316,64 €/praza
Balneario de Caldelas, S.L. – <i>Tui</i> – (Pontevedra).- 316,64 €/praza
Gran Balneario do Carballiño – <i>O Carballiño</i> – (Ourense).- 316,64 €/praza
Baños Viejos de Carballo, S.A – <i>Carballo</i> – (A Coruña).- 377,50 €/praza
Termas de Cuntis, S.L.– <i>Cuntis</i> – (Pontevedra).- 398,61 €/praza
Caldaria Termal, S.L.U. <i>Laias</i> – <i>Cenlle</i> – (Ourense).- 398,61 €/praza
Caldaria Termal, S.L.U. <i>Lobios</i> – <i>Lobios</i> – (Ourense).- 377,50 €/praza
Balneario do Río Pambre, S.L. – <i>Palas de Rei</i> – (Lugo).- 377,50 €/praza
Balneario Termas de Lugo, S.L. – <i>Lugo</i> .- 398,61 €/praza



QUENDAS

As quendas varían segundo o balneario solicitado e van dende o mes de xuño ata o mes de decembro do 2015 .

Requisitos:

1. Ser maior de 60 anos ou de 55 reunindo a condición de pensionista da Seguridade Social.
2. Estar empadroado e residir na Comunidade Autónoma de Galicia
3. Valerse por si mesmo, atoparse en condicións de asistir e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin trastornos mentais
4. Precisar o tratamento termal solicitado e carecer de contraindicación médica para a súa recepción
5. Reunir os requisitos establecidos, na data en que remate o prazo de presentación da solicitude.
6. Os/as cónxuxes **non** terán que cumprir o requisito da idade.
7. Poderán participar os/as fillos/as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre e cando non necesiten apoio de 3ª persoa, se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitores e, cumpran os requisitos citados excepto o da idade.

Documentación:

- A copia do libro de familia, no caso de que a persoa solicitante vaia acompañado do/a fillo/a con discapacidade.
- No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda, **achegarán unha única solicitude**, para a súa baremación conxunta.
- DNIs do solicitante, cónxuxe ou acompañante e, do/a fillo/a con discapacidade, se é o caso.
- Contías das pensións ou ingresos mensuais líquidos percibidos, para cubrir a solicitude.

Prazo e lugar de solicitudes: as solicitudes achegaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, así como, opcionalmente en soporte papel. O prazo remata o **14 de maio de 2015**, poderán informarse nas dependencias de Servizos Sociais e Igualdade do Concello.

Camariñas, 24 de abril de 2015

O concelleiro de Servizos Sociais e Igualdade

Sergio Caamaño Fernández

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante.